

## Intercambio educativo entre linguas minorizadas do Estado español<sup>78</sup>. Unha experiencia integradora

Sabela Labraña Barrero  
Universitat de Barcelona

A educación multicultural estase a converter nunha necesidade das sociedades actuais e futuras nas que os desprazamentos de poboación obrigan a grupos humanos diferentes a convivir nun mesmo espacio e nun mesmo tempo. Para poder facer fronte con éxito a esta esixencia da vida actual é indispensable que se produza un cambio de paradigma na nosa percepción, *cómpre coñecer desde un novo modelo de pensamento*, o que supón abandonar as referencias anteriores. As crises no mundo científico, a comezos do século XX, foron o preámbulo da desestructuración de parámetros, que xa non eran válidos, para crear outros novos (Cebeiro / Watzlawick 1998). Do mesmo xeito, é imprescindible pensar novas maneiras de organización que permitan interrelacionar a multiplicidade de elementos que conformarán unha rede social cohesionada ao tempo que flexible, tal como demandan as condicións actuais.

Unha destas maneiras sería, no ámbito do ensino, a introducción curricular da multiculturalidade que, no caso de Cataluña, se fai especialmente interesante e dobremente necesaria porque se trata, por unha banda, de integrar<sup>79</sup> comunidades que proveñen de máis aló das fronteiras estatais, e pola outra, de integrar comunidades que pertencen ao mesmo estado política e administrativamente. O noso traballo cinguirase a este segundo caso xa que estamos convencidos de que se non conseguirmos artellar solucións viables para as comunidades do Estado español, dificilmente o conseguiremos para as estranxeiras. Concordamos con Enrique Ipiña (2000) en que “a interculturalidade comeza pola propia casa”.

¿Como poderá o Estado español afrontar os retos da inmigración actual se non conseguiu vencer os atrancos que separan as culturas dentro das propias fronteiras políticas?

Hai xa anos que nos protexemos trala palabra tolerancia, coma se dun verdadeiro conxuro se tratase, pero arestora sabemos que a tolerancia pasiva

---

<sup>78</sup> Por máis que o informe sobre a aplicación da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias no Estado español, segundo o cal o éuscaro, o galego e o catalán non poden ser consideradas exactamente como minoritarias polo seu status de oficialidade, nós mantemos o termo *minorizadas* por seren linguas que teñen restrinxidos os seus ámbitos e funcións de uso nos respectivos territorios.

<sup>79</sup> O concepto de *integración* úsase aquí cun perfil dinámico no senso de que a incorporación de elementos novos no tecido social vai implicar, co tempo, unha reestructuración progresiva da propia sociedade.

non chega, que é precisa a aceptación entusiasta das diferencias (Ipiña 2000). A diversidade debe ser concibida como unha riqueza de todos, e o intercambio de bens culturais debe entrar a formar parte da nosa vida cotiá. Neste senso Carme Junyent sinala a escola como un ámbito decisivo para desenvolver a tarefa fundamental de garantir a participación equitativa da cultura universal e preservar a diversidade lingüística. “Só de conseguirmos revirar a percepción da diversidade como un lastre, e entendela como unha garantía para o intercambio, poderemos facer da mundialización -que finalmente é inevitable- un movemento a favor da xustiza e da igualdade”. (Junyent)<sup>80</sup>

Cataluña conforma, hoxe en día, un espazo multicultural no cal a progresiva mestura de linguas, relixións, crenzas e etnias fan da convivencia cotiá un laboratorio de ensaio experimental das relacións humanas. Historicamente é esta unha terra receptora de emigrantes. O seu alto grao de desenvolvemento económico fixo que a necesidade de man de obra -xerada principalmente pola industria- puidese ser cuberta mediante desprazamentos de poboación desde diferentes zonas españolas máis deprimidas cara a Cataluña. Estamos ante unha inmigración interior<sup>81</sup> que vai poñer en contacto directo grupos de cidadáns españois con notorias diferencias culturais, ás que se engade, no caso do galego, unha lingua propia. Na actualidade este país acolle, amais dos devanditos, inmigrantes estranxeiros de diferentes procedencias que nos últimos anos teñen aumentado significativamente. Segundo os datos do Institut d'Estadística de Catalunya, a porcentaxe de estranxeiros residentes legalizados pasou dun 1% no ano 1991, a un 3'46% no 2000.

### **Procesos de minorización e diferencias na percepción da lingua propia**

Cando, a principios do século XVIII, foron promulgados os Decretos de Nova Planta, que establecían as medidas uniformizadoras de Felipe V en todos os reinos de España, Cataluña resultou moi lesionada nos seus dereitos lingüísticos. Galicia, en troques, non quedou tan radicalmente afectada porque o seu idioma xa viñera sendo separado das actividades oficiais dende o reinado dos Reis Católicos, ata quedar reducido ao ámbito da oralidade. Nesa época a percepción dos falantes cataláns e galegos respecto da súa propia lingua era necesariamente moi diferente, consonte o respectivo status de cada un dos idiomas; mentres o catalán en Cataluña se viñera desenvolvendo con normalidade, o galego pagaba con terribles prexuízos a imposición do castelán como lingua de prestixio do país. “Durante os séculos XVI-XVIII prodúcese unha escisión lingüística ao longo das liñas de clase, pola cal o castelán se reserva como lingua que simboliza un status social acomodado, e tamén todos

---

<sup>80</sup> Agradecemoslle á autora o permiso para citar o artigo antes da súa publicación.

<sup>81</sup> Neste traballo non contemplamos a man de obra cualificada por considerar que os seus patróns de movemento non se axustan aos descritos aquí.

os usos escritos e ‘formais’ da lingua, mentres o galego pasa a simbolizar a pobreza, a rudeza e a incultura (Monteagudo 1984:2).

A partir de entón, sucedéronse as medidas homoxeneizadoras, entre as cales destaca a Real Cédula de Aranjuez (1768) a cal, ao impoñer o uso do español en calquera actuación pública oficial, afectaría directamente ao ensino “coa eliminación automática de todo ‘dialecto provincial’ e a prohibición aos alumnos mozos de falaren a súa lingua” (García Negro 1991: 216). Esta situación vai permanecer, no que ás leis se refire, ata a Constitución de 1931, na que, froito da loita reivindicativa -dende o século XIX- de cataláns, vascos e galegos, se lles recoñecen dereitos ás linguas das rexións autónomas que se constituían.

Os efectos de todas estas políticas centralistas foron paralelos para os usos do galego e do catalán no que se refire ás actividades oficiais, pero moi diferentes no tocante ao emprego desas linguas por parte dos seus falantes. Mentres que en Galicia cada vez se ía facendo máis evidente a ruptura na transmisión interxeracional, en Cataluña as novas xeracións accedían á lingua catalana de xeito natural no contexto familiar e social. Durante a dictadura franquista a durísima represión que sufriron as linguas rexionais agravou considerablemente a súa situación.

“Nunhas escolas onde o catalán era denigrado e ridiculizado e onde o castelán era presentado como a lingua do *imperio* e da *hispanidade*, as representacións autominorizantes e a propia inmemorialidade de cada xeración foron producindo, en especial nas zonas urbanas, unha poboación autóctona globalmente moito máis propensa a empregar o castelán na relación interpersoal que non unha poboación inmigrada proclive a empregar o catalán.” (Bastardas 1996:170).

Malia isto, unha gran maioría da poboación catalana continuou usando a súa lingua nas funcións permitidas, familiar e coloquial, mentres que en Galicia a porcentaxe de abandonos era cada vez máis alarmante.

### **Actitudes cara á lingua catalana dos inmigrantes galegos en Cataluña**

Centrarémonos, sobre todo, nos grandes desprazamentos de poboación desde os outros puntos de España cara a Cataluña, que se produciron a partir de mediados do século XX, entre os cales está o dos galegos. A gran porcentaxe de falantes de español que se estableceu nesta terra, unida á alfabetización crecente en castelán dos autóctonos, propiciou, sobre todo na área barcelonesa, que as interaccións persoais entre individuos dos dous grupos se fixesen en castelán. Este comportamento xeneralizouse de tal xeito que os inmigrantes chegaron a asumilo como se dunha norma social se tratase, sentírono como un dereito e non

tiveron necesidade ningunha de achegarse á lingua catalana<sup>82</sup>. Non foi diferente no caso dos galegos para os que o uso do español nas relacións intergrupais viña revestido de claras connotacións positivas. Pódese dicir que, nesta época, non houbo un rexeitamento expreso cara ao catalán, malia poderse apreciar actitudes molestas cando os autóctonos falaban o vernáculo entre eles en presenza dos foráneos.

Esta convivencia ‘tolerada’ entre catalán e español en Cataluña cambiou coa democracia e a oficialidade das linguas ‘rexionais’. Produciuse daquela, entre a poboación autóctona, unha concienciación arredor das cuestións culturais e lingüísticas que fixo emerxer actitudes reivindicativas sobre elas; os autóctonos comezaron a pensar que os inmigrantes deberían falar a lingua do país ou, alomenos, que nas interaccións eles tiñan a obriga de manter a lingua catalana. Este cambio, moi mal recibido polos inmigrantes, deu lugar mesmo a enfrontamentos. No caso dos galegos temos manifestacións elocuentes dabondo: “ao catalán, cando non estaba imposto, non lle tiña ningunha animadversión”, “a lingua nunca debe ser política senón un sistema de educación” ou “na escola ensináronme a respectar; se entendes a lingua na que che falan, tes que contestar nesa lingua”, obviamente a lingua referida é o español (Labraña 1999: 527).

A reivindicación do catalán como lingua normal, e, sobre todo, a súa implantación de forma xeral no ensino, debeu supoñer un verdadeiro impacto para moitos inmigrantes galegos que lles aplicaban ás outras linguas autonómicas as valoracións restrictivas ou negativas que sentían para o galego “o catalán, o vasco ou o galego son dialectos de aquí, de España, pero fóra de España non te van entender con eles” ou “o castelán é o idioma, non pretendamos outro; o outro é no ámbito da comunidade e aí se queda” (Labraña 1999: 528).

Esta percepción das linguas das nacionalidades históricas, que pode xeneralizarse a todo o territorio estatal, é sen dúbida un atranco para a cohesión social. Se queremos camiñar cara á convivencia de pobos tórnase imprescindible fomentar esa cohesión social entre as diferentes culturas que conviven nun mesmo territorio e, como non, entre aquelas que conforman un mesmo estado político. E aquí esta tarefa chega cando España pasa por un momento de “profunda revisión do vínculo nacional, no que as identidades están en proceso de fabricación” (Goytisolo / Naïr 2001: 131-132).

---

<sup>82</sup> Este sentimento de dereito á interrelación en castelán ía resultar moi daniño co cambio de situación na época democrática, xa que vai redundar nunha hipervaloración desa lingua en detrimento das autonómicas recoñecidas daquela como ‘rexionais’. O conflito que crea todo cambio na orde establecida, ía ter aquí unha lamentable solución: o reforzo da identidade española expresado con teimosía na negativa á interrelación en catalán por parte dos autóctonos.

Explicamos nesta comunicación unha das múltiples estratexias que pensamos que poden contribuír á cohesión dos grupos sociais e que arestora xa está recollida polo Senado español. En sesión de 25 de setembro, o Senado aprobou unha moción de Entesa Catalana de Progrés (PSC, ERC, IC-V), apoiada polo PSOE e aceptada con algunhas modificacións polo PP e CIU para que o catalán, o éuscaro e o galego sexan materias optativas no segundo ciclo da educación secundaria obrigatoria, no bacharelato e formación profesional, naquelas comunidades onde non sexan lingua oficial, e se inclúan na oferta curricular das universidades (*El Periódico*, 26.9.01).

### **Descrición da experiencia**

Pouco despois da implantación da Filoloxía Galega na Universitat de Barcelona (UB), en 1994<sup>83</sup>, ao constatar que algúns dos nosos alumnos eran profesores nos institutos de Cataluña, empezamos a considerar a posibilidade de ampliar os estudos de lingua e cultura galegas á educación secundaria obrigatoria catalana, ao abeiro da LOXSE (Lei orgánica de ordenación xeral do sistema educativo) que, daquela, permitía unha gran flexibilidade nos currículos dos centros. A programación da materia tiña que se facer necesariamente dentro dos créditos variables pois o galego non é lingua oficial de Cataluña, nin tampouco lingua estranxeira do Estado. Para poder ensinala, o profesorado debería ter a licenciatura en galego ou demostrar a súa idoneidade coa titulación dos cursos de Iniciación e Perfeccionamento da Xunta de Galicia, que tamén se ofrecen na UB, así como na maioría dos centros galegos de Cataluña.

A idea foi moi ben recibida por parte dos responsables políticos -Lluís Jou, Director General de Política Lingüística da Generalitat, e Celso Currás, Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta- que se comprometeron a impulsar o proxecto. Basilio Losada e eu mesma, por parte da Sección de Filoloxías Galega e Portuguesa, responsabilizámonos da posta en marcha de todo o proceso que comezou coa localización dos institutos que tivesen profesorado cualificado e condicións para ofrecer o crédito. Esta primeira fase non puido concluír na sinatura do acordo entre as administracións galega e catalana prevista para xullo de 1998, pero en troques si que se puxo en marcha, de xeito experimental, o crédito variable de Lingua e Cultura Galegas durante o curso 1998-1999. A experiencia, pioneira e rigorosa, foi levada a cabo no IES Parets del Vallès polo profesor Lois Vázquez, co animoso e decidido apoio da directora Neus Bulbena. Os excelentes resultados acadados plasmáronse nun aumento considerable do interese por parte do alumnado, que animou ao centro, no curso seguinte, a dobrar a oferta deste crédito.

---

<sup>83</sup> Os estudos que se viñan realizando deica 1994 eran de Filoloxía Galaico-Portuguesa, introducida por Basilio Losada en 1981. Por esixencia do plan de estudos de 1994 a devandita licenciatura separouse nas dúas que a conformaban: Filoloxía Galega e Filoloxía Portuguesa.

Finalmente, o 2 de xullo de 1999, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o Departament d'Ensenyament asinaron un Protocolo de colaboración para a promoción lingüística da lingua galega e catalana na oferta educativa dos centros de ensino dependentes das dúas consellerías. Entre os compromisos que o devandito convenio recolle, parécenos singularmente interesante subliñar tres: en primeiro lugar, o carácter permanente da colaboración (cláusula segunda); en segundo lugar, a vontade de que este ensino se ofrezca como materia optativa nos diferentes niveis educativos (cláusula primeira); e en terceiro lugar, a proposta de elaboración dos materiais precisos (cláusula cuarta) para garantir unha boa calidade didáctica.

No tocante aos materiais didácticos específicos, sen dúbida, a tarefa máis urxente era a confección do libro dos alumnos. Este labor foille encargado polo Departament d'Ensenyament a un grupo técnico de docencia, formado basicamente por profesores de IES cataláns e dirixido por min. Alén diso, para favorecer tanto a calidade coma a diversidade dos materiais concedéronselles dúas licencias de estudos retribuídas a senllos membros do citado equipo durante os cursos 2000-2001 e 2001-2002. Arestora está publicado o primeiro libro -edición subvencionada pola Xunta de Galicia-, e en proceso a elaboración do segundo, así como as correspondentes guías didácticas que lles serán facilitadas aos profesores en soporte dixital. Á parte dos libros están en preparación outra serie de materiais dixitais, interactivos e visuais.

### **Proposta didáctica**<sup>84</sup>

Dado que o obxectivo primeiro é o achegamento dos estudantes da ESO á cultura e á lingua galegas, a programación da materia deseñouse arredor de tres núcleos interdependentes: cultura, lingua e literatura. Trátase de ofrecerlles unha visión panorámica dos aspectos definitorios do país galego. Tendo en conta que neste nivel os alumnos das escolas de Cataluña xa teñen unha base ampla de coñecementos sobre a cultura catalana e española, téntanse amosar as características propias de Galicia dentro do contexto xeral español e europeo.

De acordo con isto a cultura estrutúrase en diversos apartados: xeografía, historia xeral, antropoloxía, historia da arte, e historia da lingua e da literatura. Non se pretende en ningún momento o coñecemento exhaustivo dos devanditos apartados, senón que os alumnos poidan entrar en contacto cos principais feitos dunha realidade practicamente descoñecida para eles (no caso de non teren familia galega), ou que lles posibilite unha visión máis ampla das características propias do país galego (se o contorno familiar provén de Galicia). Por outra parte, cremos que esta concepción facilita unha maior aplicación de recursos

---

<sup>84</sup> Por imperativo de espazo expoñemos unicamente as liñas básicas que sustentan a programación da materia. Non é evidentemente unha proposta definitiva xa que o ensino do galego nos IES de Cataluña aínda está en fase experimental.

didáticos que lles permitirá aos profesores abordar as temáticas propostas dende diferentes ángulos. A lingua parte dun enfoque preferentemente comunicativo, combinado con aspectos gramaticais nos que se subliñan as diferencias coas linguas española e catalana. Preténdese que os rapaces adquiran as destrezas pasivas (entender e ler) e coñezan os mecanismos que lles faciliten a adquisición progresiva das activas (falar e escribir), como, por exemplo, reproducir en lingua galega conversas sinxelas cun vocabulario adaptado á súa idade. Como complemento á lingua propóñense uns coñecementos moi básicos da literatura galega, a través dalgúns obras e autores relevantes.

Na eficacia deste ensino incidirán directamente a adecuación dos materiais didáticos e a metodoloxía que utilice o profesor, figura clave nun proceso educativo destas características. No tocante aos materiais, á parte dos específicos que se están a confeccionar en Cataluña e dos que xa falamos antes, os centros deberán dispoñer dos máximos recursos posibles, desde mapas murais, vídeos das paisaxes, música, etc., a dicionarios, libros de literatura, ou métodos interactivos do ensino da lingua, que xa existen no mercado. Para tal efecto o Departament d'Ensenyament destinou recentemente unha primeira dotación económica encamiñada á adquisición destes materiais nos IES que ofrecen este ensino. O labor da aula está completado con outras actividades fóra do recinto escolar, entre as que citaremos dúas: as visitas ao Centro Galego de Barcelona onde os alumnos puideron ver unha gran biblioteca galega, asistir a actuacións de folclore tradicional, facer prácticas de galego, coñecer a gastronomía típica, etc. Tamén se fixeron visitas á Universitat de Barcelona, onde os profesores de Filoloxía Galega os informaron sobre os plans de estudos desta especialidade e os animaron a continuar neste camiño. Non se puido levar a cabo ata o momento unha experiencia de intercambio, que é unha das actividades máis importantes de todo este proxecto; os rapaces cataláns en Galicia e os galegos en Cataluña.

Na educación intercultural convértese en esencial a figura do educador. O seu perfil, á parte da competencia profesional, esixe unha serie de condicións específicas, a central é, obviamente, a aceptación entusiasta das diferencias e a riqueza que iso supón. É importante que se conxuguen nel o mantemento das tradicións e o compromiso co seu pobo coa apertura ao mundo moderno e aos seus profundos cambios. “Esta actitude é a única que pode garantir a formación das novas xeracións como pobos capaces de sobrevivir axeitadamente nos tempos novos, sen verse obrigados a renunciar aos seus valores culturais” (Ipiña 2001)

### **Valoracións da experiencia**

O ensino da cultura e lingua galegas na ESO catalana acadou un éxito tal que sorprendeu os mesmos promotores da experiencia. Así, o IES Parets del Vallès,

centro pioneiro, tivo que duplicar a oferta no curso seguinte, no que se fixeron dous grupos; un de continuación en cuarto de ESO, e outro novo, en terceiro.

Ao noso entender, esta experiencia de educación multicultural está conseguindo a maior parte dos obxectivos marcados

1. A disolución dos prexuízos pola vía do coñecemento e da relación entre as diferentes culturas queda patente nos propios testemuños dos alumnos: ‘Escollín este crédito porque saía das típicas mates, natus, etc. [...] Á parte do *bo rollo* entre alumnos e profesor, a verdade é que foi xenial por coñecer cousas que nin imaxinabamos de Galicia. Creo que terían que darlle a oportunidade a moita xente nova de que no seu instituto se aprendesen culturas tan próximas como é a galega’<sup>85</sup>.
2. Este tipo de experiencias actúa de motor na creación da consciencia de pertencer a un Estado plurilingüe no que as diferentes linguas non teñen o mesmo status de normalidade; para eles o catalán está moi asumido como lingua do país pero probablemente non teñen unha clara consciencia do que supoñen as linguas minorizadas: ‘Pareceume un crédito curioso e interesante porque o galego é unha lingua que non se coñece moito e ademais é máis curioso que sexa aquí, en Cataluña, onde se aprenda, porque aquí tamén hai unha lingua propia’, ou ‘Eu escollín este crédito porque sentín curiosidade e pensei que sería bo coñecer outra lingua de dentro de España’.
3. Outro dos aspectos que nos parece importantísimo salientar é a emerxencia, nos estudantes con familiares galegos, duns valores culturais que descoñecían e que agora senten como propios: ‘Intereseime polo crédito de galego porque proveño en certa maneira de Galicia. A miña avoa, por parte de nai é galega, pero malia iso nin a miña nai nin eu sabemos este idioma. Ao ver que podía aprender algo das miñas raíces, decidín apuntarme. Agora volvo estar máis unida coa miña avoa, xa que cando teño a oportunidade de falar con ela, preguntolle palabras que aprendín e costumes de alí’.

Se ben é certo que, sen ser os únicos, os centros de ensino son lugares privilexiados onde poñer en marcha a educación multicultural, xa que constitúen un espazo de contacto obrigado dos diferentes grupos da poboación inmigrada coa poboación autóctona. Entre os alumnos membros da experiencia descrita hai segundas xeracións nas que a formación da propia identidade é unha tarefa complicada se non se concibe nun plano integrador no que “a diferenza non é vista como unha fonte de conflito, senón como un elemento revitalizador e imprescindible para a supervivencia” (Junyent 1999:70). Nós podemos constatar este sentimento nun traballo anterior (Labraña 2000) no que observamos actitudes ben diferentes ás comentadas antes. Neste estudio -feito sobre as segundas xeracións de inmigrantes galegos en Cataluña- fillos de

---

<sup>85</sup>A lingua orixinal dos testemuños dos alumnos é o castelán.



Intercambio educativo entre linguas minorizadas do Estado español. Unha experiencia integradora

galegos educados en escolas con ensino en catalán, e cun ambiente favorable cara a esa lingua na casa, falan habitualmente catalán, galego e castelán, sen que este feito supoña para eles ningún tipo de problema, senón todo o contrario.

### **Bibliografía**

- Bastardas, Albert (1996): *Ecología de les llengües. Medi, contactes i dinámica sociolingüística*. Barcelona: Proa.
- Ceberio, Marcelo / Watzlawick, Paul (1998): *La construcción del universo*. Barcelona: Herder.
- García Negro, Pilar (1991): *O galego e as leis*. Vigo: Cumio.
- Goytisolo, Juan / Nair, Sami (2001): *El peaje de la vida. Integración o rechazo de la emigración en España*. Madrid: Aguilar.
- Ipiña, Enrique (2000): “Condiciones y perfil del docente de educación intercultural bilingüe”. <http://www.oei.org.co/oeivirt/rie13a04.htm>
- Junyent, Carme (1999): *La diversitat lingüística. Didáctica i recorregut de les llengües del món*. Barcelona: Octaedro.
- Junyent, Carme: *Mundialització i llengües minoritàries*. Inédito.
- Labraña, Sabela (1999): “Prexuízos lingüísticos e identificación social”, in Álvarez, R. / Vilavedra, D. (coords.) (1999): *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero, I*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. 519-532.
- Labraña, Sabela (2000): “Identidade e usos lingüísticos. Segunda xeración de inmigrantes galegos en Cataluña”, in Riquer, I. de / Losada, E. / González, H. (eds.) (2000): *Ensinar a pensar con liberdade e risco. Homenaxe ó profesor Basilio Losada Castro*. Barcelona: UB. 463-471.
- Monteagudo, Henrique (1984): “A oficialidade do galego: historia e actualidade, II”. *Lingua e Administración 2*.